



BASES DEFILE DE ENTROIDO 2020

PRIMEIRA.- O Concello de Poio publica as bases para o Desfile de Entroido 2020 que se vai a celebrar o domingo 23 de febreiro de 2020 ás 17:00 horas, dentro do programa de actividades do Entroido 2020.

SEGUNDA.- A concentración e o desfile farase o domingo 23 de febreiro nos seguintes lugares e horas:

- **PUNTO DE ENCONTRO (16:00 h):** Pazo Besada (Avda. Andurique, 3)
- **DESFILÉ (17:00 horas):** Saída da Avda. Porteliña, Avda. Encoirados e chegada á Avda. San Xoán, 20
- **ENTREGA DE PREMIOS:** na praza Castelao, ao finalizar o desfile.

Todos/as os/as participantes deberán estar no lugar de concentración e montaxe á hora sinalada (16:00 h). A orde do desfile será asignada pola organización. O incumprimento do horario previsto polos/as participantes poderá supoñer o seu desprazamento ao último lugar do desfile.

TERCEIRA.- Poderán participar todas as persoas que se inscriban nalgunha das seguintes categorías e subcategorías:

CATEGORÍAS:

- **Adulto:** A partir de 15 anos.
- **Infantil:** Aqueles nenos/as ata os 14 anos de idade.
- **Especial choqueiro.:** participantes ataviados/as con calquera vestimenta improvisada, única e irrepitible.

SUBCATEGORÍAS:

- **Grupos:** Terán como mínimo 5 participantes que deberán gardar unha unidade temática, podendo ir acompañados de carroza ou plataforma móbil.
- **Parellas:** Ambos disfraces deberán estar relacionados baixo a mesma unidade temática.
- **Individual:** Valorarase a aqueles disfraces que se presenten de maneira individual.

Non se poderán inscribir en máis dunha categoría.

CUARTA.- As solicitudes de inscrición poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Poio, en impreso normalizado para este fin, entre os días 10 e 18 de febreiro (ambos inclusive) en horario de 08:30 a 14:30 horas, ou ben a través da sede electrónica do Concello (www.concellopoio.sedelectronica.gal).

Xunto coa solicitude de inscrición deberase acompañar a seguinte documentación:

- Copia do DNI do/da participante no desfile e do/da seu tutor/a ou representante legal, no seu caso (menores de idade).
- No caso de asociacións, copia do CIF e do DNI do/da representante.



As persoas que se inscriban na subcategoría individual ou parellas, poderán facelo o mesmo día do desfile no Pazo Besada entre as 15:30 e 16:15 horas.

QUINTA.- Os premios establecidos para o concurso son os seguintes:

CATEGORÍA	SUBCATEGORIA	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO
ADULTOS	Individual	165,00 €	110,00 €	65,00 €
	Parellas	195,00 €	150,00 €	110,00 €
	Grupos	280,00 €	240,00 €	195,00 €
INFANTIL	Individual	110,00 €	85,00 €	60,00 €
	Parellas	150,00 €	110,00 €	65,00 €
	Grupos	240,00 €	195,00 €	150,00 €
ESPECIAL CHOQUEIRO	Individual	165,00 €		
	Parellas	195,00 €		
	Grupos	280,00 €		
ESPECIAL ANIMACIÓN		200,00 €	155,00 €	110,00 €

O premio Especial animación será compatible co resto de premios.

O importe máximo dos premios a repartir, anteriormente referidos, será de 3.780,00 €.

O pago farase mediante transferencia bancaria. A persoa responsable representará ao grupo a efectos de cobrar/recibir o premio.

Os premios son indivisibles, podendo quedar desertos previa xustificación.

Ao remate do desfile, o xurado dará a coñecer os/as gañadores dos premios. Será obrigatoria a presenza dos/das participantes ou dalgún/dalgunha representante dos grupos ou parellas participantes durante a lectura dos premios. A non presenza implicará a renuncia ao premio.

SEXTA.- O xurado estará composto polos membros que forman parte da comisión municipal de Educación, Cultura e Deporte, e será presidido pola concelleira de Educación e Cultura.

O xurado terá liberdade de criterio para establecer a súa avaliación e cualificación



atendendo a cuestións como o vestiario, a orixinalidade, coreografías, harmonía, simpatía, actitude, ritmo, animación, estética, posta en escena, maquillaxe, máscaras e demais complementos propios do Entroido, presenza de elementos complementarios como carrozas ou plataformas móbiles, etc.

As persoas membros do xurado avaliarán aos/ás participantes no desfile dende diferentes puntos do percorrido sen determinar.

Ao remate do desfile as/os compoñentes do xurado reuniranse para fallar o resultado e comunicalo publicamente. A puntuación de cada membro do xurado será, para cada categoría e subcategoría, de 0 a 3 puntos. Os premios outorgaranse segundo as puntuacións totais obtidas, despois da suma das valoracións parciais de cada compoñente do xurado. No caso de empate decidirá o voto de calidade da presidenta.

A decisión derivada da aplicación dos criterios de avaliación do xurado é inapelable.

SÉTIMA.- Co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente, o persoal da organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar o seu posto da orde a calquera elemento dos/das participantes que se considere perigoso (petardos, bengalas...).

OITAVA.- As carrozas ou plataformas móbiles terán que levar obrigatoriamente un extintor de incendios na cabeza ou vehículo tractor.

NOVENA.- A organización queda facultada para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir, non previstas nestas bases.

DECIMA.- Por motivos climatolóxicos, o desfile poderá ser aprazado para outra data ou suspenderse definitivamente.

UNDÉCIMA.- A organización realizará unha cobertura fotográfica dos diferente momentos do desfile. Os/as participantes, mediante a inscrición, consentirán na cesión da súa imaxe para as fotografías que se realizarán durante a celebración deste evento. As fotografías serán utilizadas pola Concellería de Cultura con fins divulgativos e para a promoción das súas actividades nos seus perfís sociais e páxina web oficial.

DUODÉCIMA.- A participación no desfile supón a aceptación de todas e cada unha das bases.

DÉCIMO TERCEIRA- As presentes bases estarán expostas no taboleiro de anuncios da Concello de Poio e na páxina web: www.concellopoio.gal